

A instauración da dinastía borbónica e a Guerra de Sucesión española.

Dende a **Paz de Westfalia** (1648), onde tiveran que resignarse a independencia das Provincias Unidas, o **deballo político e militar dos Habsburgo españois** era innegable. En fronte, a posición da Francia de Luis XIV reforzábase ao tempo que ampliaba o seu territorio a costa da monarquía española ao apoderarse do Rosellón e a Cerdeña (Paz dos Pirineos, 1659) e do Franco-Condado e dalgúns enclaves flamengos (Paz de Nimega, 1678). Neste contexto, accedía ao trono con só catro anos de **Carlos II** (1665-1700), débil, enfermizo e limitado mentalmente. A corte madrileña converteuse en campo de batalla entre diferentes figuras e faccións nobiliarias que se disputaban o poder mentres procuraban o apoio das grandes potencias europeas, sobre todo de Francia e Austria.

Malia este panorama, o monarca español seguía a ser o soberano duns extensos e apetecibles dominios. A evidente debilidade española alimentaba a cobiza das cortes europeas. Franceses, austríacos e británicos negociaron en secreto acordos para a partición da monarquía española e mesmo propugnaron candidatos á sucesión de Carlos II. O príncipe **Xosé Fernando de Baviera**, bisneto de Filipe IV e aceptado por todos, foi o primeiro, pero morreu en 1699. Restaban as opcións dun parente austríaco ou doutro francés. O mantemento do equilibrio europeo, defendido sobre todo por Inglaterra e as Provincias Unidas, facía impensable que o trono español puidese recaer no Emperador, no Rei Sol ou nos seus sucesores directos. Por iso, postularon respectivamente ao arquiduque **Carlos de Austria**, segundo fillo do Habsburgo, e ao duque **Filipe de Anjou**, segundo neto do Borbón.

A Guerra de Sucesión española (1700-1714).


En Madrid, as **manobras das diplomacias europeas** aguilloaban as intrigas cortesás. Finalmente, os partidarios da **opción francesa**, liderados polo **cardeal Portocarrero** e convencidos

Retrato de Carlos II,
obra do pintor Juan Carreño de Miranda



[Dominio público], Wikimedia Commons

Árbore xenealóxica cos candidatos ao trono español)



* Pretendiente al Trono de España como Carlos III
[Dominio público], Wikimedia Commons

de que esta era a única posibilidade de impedir o desmembramento da monarquía, impuxéronse claramente no Consello de Estado. Seguindo as súas recomendacións, o derradeiro testamento de Carlos II sinalou como sucesor a Filipe de Anjou.

Malia que había partidarios dos borbóns e austracistas en tódolos territorios peninsulares, a chegada de Filipe V non foi conflitiva. Entre 1701 e 1702, as Cortes dos diferentes reinos xuráronlle fidelidade e o monarca, pola súa parte, comprometeuse a respectar os privilexios forais dos da Coroa de Aragón. Sería a evolución da guerra a que trastocaría radicalmente a situación.

A chegada da Casa de Borbón ao trono das España tampouco desencadeou unha guerra xeral europea. Certo que o emperador Leopoldo comezou inmediatamente as hostilidades pero pouco podía facer sen o apoio de Inglaterra e as Provincias Unidas. Este chegou por mor dalgunhas accións que puxeron de relevo as pretensións de Luís XIV: a entrada das tropas francesas nos Países Baixos españois, as vantaxes concedidas ás compañías galas no comercio indiano, o mantemento dos dereitos de Filipe V á coroa francesa...Contra el, en setembro de 1701, asinou o **Tratado da Haia**, que deu orixe á **Gran Alianza**, formada por Austria, Inglaterra, as Provincias Unidas e Prusia. A ela sumáranse máis tarde Portugal e o ducado de Savoia. En maio de 1702, a Gran Alianza declarou a guerra a Luís XIV e a Filipe V.

A Guerra de Sucesión española ía ser, polo tanto, unha **guerra europea**. Na configuración dos dous bandos sumábanse a disputa pola hexemonía continental entre Francia e Austria e a confrontación pola hexemonía naval e colonial entre Francia, por unha banda, e Inglaterra e as Provincias Unidas, pola outra. Os combates estenderíanse por Flandres, Alemaña, Italia, América, a Península, o Atlántico e o Mediterráneo.

Pero a disputa dinástica entre borbónicos e austracistas provocaría tamén unha **guerra civil**. As elites castelás apoiaron, na súa meirande parte, a causa borbónica. Os territorios da Coroa de Aragón acabarían decantándose maioritariamente pola causa do arquiduque. En 1705, unha armada anglo-holandesa tomou Barcelona e o arquiduque Carlos puido facer a súa entrada triunfal na cidade. Para explicar o apoio recibido, hai que ter en conta diversos **factores**: o sentimento antifrancés era forte no campo catalán, onde aínda estaba moi viva a lembranza dos abusos

Retrato do arquiduque Carlos de Austria (1707)



[Dominio público], dende Wikimedia Commons

Retrato de Filipe de Anjou, obra de Hyacinthe Rigaud



[Dominio público], dende Wikimedia Commons


cometidos nas guerras precedentes; a burguesía comercial barcelonesa receaba da competencia francesa e dos privilexios concedidos por Filipe V aos mercadores galos; os temores das institucións catalás cara o avance do absolutismo rexio consonte ao modelo francés víronse confirmados en 1707 pois, cando as forzas borbónicas entraron en Valencia, o monarca decretou a abolición dos foros aragoneses e valencianos. En Valencia, o conflito sucesorio tinxíuse en certos intres dun forte carácter social: ante o apoio maioritario da nobreza valenciana á causa filipina, o arquiduque Carlos presentouse como defensor dos campesiños e o austracismo adquiriu tamén un ton antiseñorial.

A partir de 1711, tras anos de esgotador enfrontamento, a situación deu un xiro decisivo. A marcha das hostilidades semellaba ir mellor para o Borbón (batallas de Brihuega e Villaviciosa). O pretendente Carlos III marchou a Viena para ocupar o trono imperial baleiro polo falecemento do seu irmán Xosé I. A eventual unión entre as pólas alemá e hispana da casa de Habsburgo podía ameazar o equilibrio continental tanto como a unión hispano-francesa. Inglaterra e as Provincias Unidas comezaron negociacións de paz con Francia, que culminaron coa sinatura dos **Tratados de Utrecht e Rastatt** (1713-1714).

Cataluña, abandonada á súa sorte, proseguíu a loita ata o asalto final e toma de Barcelona polas tropas do duque de Berwick o **11 de setembro de 1714**. Mallorca resistiría ata maio de 1715. A derrota e a posterior represión borbónica provocaron o exilio dun bo número de austracistas (25-30.000 segundo algunhas estimacións). Filipe V aproveitaba a vitoria para derrogar o tradicional ordenamento xurídico e institucional dos reinos da Coroa de Aragón.

O Tratado de Utrecht (1713).

As **negociacións entre franceses, británicos e holandeses**, comezadas en 1712 e ás que máis tarde se sumarían os representantes de Filipe V, culminaron na sinatura dos tratados de **Utrecht**



(1713). As hostilidades entre Francia e Austria rematarían oficialmente co tratado de **Rastatt** (1714). O acordado significaba a partición da monarquía española:

- ◆ Filipe V, tras renunciar aos seus dereitos sobre o trono francés, era recoñecido como **rei de España e das Indias**.
- ◆ Pola contra, a monarquía española era obrigada a ceder tódalas súas posesións europeas: **Austria** recibía Flandres, Milán, Nápoles e Sardeña; o ducado de **Savoia**, Sicilia.
- ◆ **Inglaterra** veu recoñecido o seu dominio sobre **Gibraltar e Menorca**, ocupadas durante as hostilidades, e obtiña algúns privilexios sobre o comercio americano: o **asiento de negros**, o monopolio da introdución de escravos africanos nas colonias americanas; o **navío de permiso**, que posibilitaba o envío anual dun buque de 500 toneladas para comerciar na América española. O monopolio hispano sobre o comercio indiano, xa debilitado durante o século XVII, púñase aínda máis en cuestión.

Utrecht-Rastatt sentaría as bases dun sistema internacional europeo baseado no equilibrio continental entre varias grandes potencias e na incontestable hexemonía naval inglesa.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato. Aula 3D*, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- RUÍZ TORRES, P.: *Reformismo e Ilustración*, en FONTANA, J.; VILLARES, R. (dir.), *Historia de España*, vol. 5, Barcelona, Ed. Crítica-Marcial Pons, 2014.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016.
- VV.AA.: *Historia de España*, Madrid, Ed. Santillana, 2004.